

Tecnoloxía e benestar animal con Lely



EN VÍDEO!

Xuliant SC, unha granxa pensada para as vacas e para o tráfico libre

En xullo de 2025, Xulián Vázquez e a súa familia puxeron en marcha a nova granxa de Xuliant SC, situada en Boqueixón (A Coruña), coa que lle deron continuidade á súa actividade gandeira nunhas instalacións adaptadas ao muxido automatizado e ao tráfico libre. Para o seu deseño contaron co equipo de Lely e implementaron dous Astronaut A5 e outras máquinas da firma, con resultados salientables en moi pouco tempo.

Nesta gandería moxen 98 animais, principalmente xovencas, e tamén contan con 8 vacas secas. Producen 37,5 litros/vaca/día e rexistran cifras de 3,80 % de graxa e 3,35 % de proteína. O número medio de muxidos por cabeza ao día é de 3,5 e os robots posúen un 20 % de tempo libre diario. “Se aumentásemos o número de exemplares a 120, superariamos igualmente os 3 muxidos”, asevera Xulián Vázquez.

Antes de poñer en marcha as instalacións actuais, a súa familia xa dispoñía dunha nave antiga, con teitos baixos e chanzos. A idea non era desfacerse de todo o conseguido, senón seguir avanzando, xa que Vázquez aínda é moi novo e podía continuar co negocio familiar. Así naceu esta nova gandería, na que traballan el e os seus pais: “As tarefas diarias intentamos levalas o mellor posible, con días libres e flexibilidade horaria, algo que agora é máis factible cos robots de muxido”.

Á hora de deseñar a nova gandería, fixérono co equipo de Lely, “tendo en

conta o que a nós nos parecía mellor e máis cómodo para a nosa maneira de traballar”, declara Vázquez. A granxa conta con 126 cubículos para vacas en lactación, con corredores de 5 metros na zona do comedero e de 4 metros nos interiores.

En Xuliant SC tiñan claro que querían que as vacas estivesen ao seu aire, sen forzalas a nada, coa finalidade de lograr benestar tanto para os animais


como para eles mesmos. Deste xeito, observaron que os exemplares presentan menos problemas.

OS LELY ASTRONAUT A5 EN XULIANT SC

Diante dos robots hai aproximadamente 4 metros e medio de espazo, e o gando dispón dun bebedeiro preto, moi amplo, para que sempre teña acceso e non haxa

Adquiriron dous Lely Astronaut A5 e dous Lely Collector C1





Coa amamentadora Lely Calm simplifican o seu traballo diario

competencia entre as vacas: “Reduciuse moito a dominancia e están todas mellor”.

Así mesmo, incluíron unha área de separación detrás dun dos robots, con seis cubículos: “Está pensada para vacas en tratamento que necesitan certa atención, que estean máis controladas, e para facer presecados se procede. Se non, tamén serve para separar as reses en celo”. Estes animais poden acceder ao Astronaut as 24 horas do día e dispoñen de auga e comida en todo momento.

Ademais, fixeron un foxo con acceso á área de separación, na sala técnica do A5, para levar a cabo tratamentos, secados ou por se hai que operar unha vaca, pero non para poñer tetoeiras. Deste modo, ao estar fóra do robot, o foxo non supón ningunha molestia para que as demais poidan seguir muxíndose, sen entorpecer o tráfico libre. Nesta granxa, o chan da sala técnica é de resina, unha decisión pensada para facilitar a limpeza e alcanzar un nivel óptimo de hixiene.

Tamén equiparon o robot co Lely Meteor, o sistema automático de coidado de pezuños, para o tratamento das vacas, por comodidade e para non ter que estar pendentes das bañeiras: “Entre o Meteor e o establo, que está todo ao mesmo nivel e sen chanzos, notamos unha melloría importante na saúde das patas do rabaño”.

COLLECTOR C1 E CALM

Ademais dos robots de muxido, implementaron dous Lely Collector C1 para a limpeza da nave. O sistema gustoulles ao estar toda a granxa ao mesmo nivel e ao facilitarlles o deseño na parte traseira do Astronaut, sen necesidade de dispoñer de corredores simétricos: “Simplifica moito o traballo diario porque todo, incluídos os corredores de cruce, está sempre limpo e en bo estado”.

Adicionalmente, incorporaron a amamentadora Lely Calm para axilizar os seus labores diarios, xa que en épocas de campaña só hai unha persoa traballando. Antes, xa traballaban con lotes de xatas e funcionáballes ben, así que consideraron esta máquina como unha opción factible.

As tarefas diarias con Lely Calm en Xuliant SC consisten en revisar que os xatos teñan un mínimo de leite consumido e en encher o tanque. Unha vez á semana, calibran a máquina, tanto na dosificación de leite en po como de auga, ademais de vixiar a temperatura: “Os xatos están moi sans. Estamos conseguindo unha media de case 1 kg diario de ganancia”.

A APOSTA POR LELY, CLAVE NO NOVO MANEXO

Xulián Vázquez e a súa familia estudaron outras marcas do mercado antes de decidirse por Lely, pero, desde o

punto de vista do mozo gandeiro, esta compañía conta con solucións moi fiables. Ademais, cando aínda estaban na nave antiga, empezoulles a fallar a sala de muxido e Lely deulles a posibilidade de instalar un A3 en alugueiro, con moitas facilidades: “A verdade é que estamos moi contentos coa xente de Lely. O servizo técnico é inmillorable”.

Vázquez afirma que notan moito que os exemplares agora son máis dóciles e están moi tranquilos. Pódese camiñar entre eles sen que saian correndo. Ao final, son vacas e con Lely e o tráfico libre expresan o seu comportamento natural.

“O muxido robotizado sorprendeume en positivo. Quizais a simple vista os datos non son os mellores, pero para min son moi bos, porque pasamos por moitos cambios e imprevistos en pouco tempo. Os robots supuxeron para nós unha vantaxe importante”, conclúe Vázquez. ■



O seu Lely Center local daralle máis información sobre este fito no muxido.

Lely Center Los Corrales +34 606 022 405
Lely Center Outeiro +34 671 646 745
Lely Center Aizoain +34 676 182 349
Lely Center Trazo +34 685 117 350
Lely Center Vila Nova +351 227 538 339

